



Colexio Oficial de Podólogos de Galicia.

---

## MEMORIA DE ACTIVIDADES ANO 2012

Tel.: 981 55 41 10

*[info@copoga.com](mailto:info@copoga.com)*

Avda. Quiroga Palacios, 65  
15703 Santiago de Compostela  
A Coruña

## **Actividade da entidade**

O Colexio Oficial de Podólogos de Galicia é unha Entidade de Dereito Público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins creada pola lei 2/1996, do 27 de decembro, por decisión unánime na Asemblea Xeral da Asociación Galega de Podoloxía, tendo como ámbito de actuación o territorio de Galicia.

Son principios esenciais da súa estrutura e funcionamento a igualdade dos seus membros, a elección democrática dos seus órganos de goberno, a adopción de acordos por maioría e a súa libre actividade dentro do respecto as leis, tal e como establecen os estatutos vixentes que foron aprobados polo Decreto 115/2011, do 3 de xuño.

O colexio réxese polos seus estatutos; pola lei 2/1978, de 13 de febreiro, sobre colexios profesionais; pola lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia; e polo resto de normas legais que lle sexan de aplicación.

## *Estrutura colexial*

### *A Asemblea Xeral*

A Asemblea Xeral é o órgano soberano do Colexio e, como tal, obriga cos seus acordos a todos os colexiados, incluso os ausentes, os disidentes e os que se absteñan.

Nas asembleas xerais poden participar todos os colexiados que estean en plenitude dos seus dereitos e ao día das súas obrigas corporativas.

Durante o ano 2012 realizáronse as seguintes Asembleas Xerais:

- 31 de marzo: Asemblea Xeral Ordinaria do primeiro semestre do ano
- 31 de marzo: Asemblea Xeral Extraordinaria do COPOGA
- 15 de decembro: Asemblea Xeral Ordinaria do segundo semestre do ano.

### *Xunta de Goberno*

Tel.: 981 55 41 10

[info@copoga.com](mailto:info@copoga.com)

Avda. Quiroga Palacios, 65  
15703 Santiago de Compostela  
A Coruña

Correspóndenlle á Xunta de Goberno a dirección e administración do Colexio e a execución dos acordos adoptados pola Asemblea Xeral. Está composta por unha/un Presidenta/e, unha/un Vicepresidenta/e, unha/un Secretaria/o, unha/un Tesoureira/o, e dúas/dous Vogais.

Dentro da Xunta de Goberno haberá, polo menos, unha/un colexiada/os de tres das catro actuais provincias da Comunidade Autónoma.

Aos cargos, voluntarios e sen remunerar, poden acceder todas/os as/os colexiadas/os que cumpran os requisitos fixados nos Estatutos.

Na Asemblea Xeral Ordinaria do primeiro semestre do ano autorizouse a modificación da Xunta de Goberno, quedando a súa composición da seguinte maneira:

**Presidente:** Alfonso Alonso González

**Vicepresidente:** Ángel Domínguez Pérez

**Secretaria:** Montserrat Martínez Espiño

**Tesoureiro:** Borja Pérez Serrano

**Vogal:** Ángeles Fernández Trigo

**Vogal:** Lucía Pazos Rivera

Durante o ano 2012 realizáronse 8 reunións da Xunta de Goberno.

### *1.- Incompatibilidades da Xunta de Goberno*


Faise constar que, dacordo coa normativa aplicable sobre Colexios Profesionais e os vixentes Estatutos do COPOGA, ningún dos membros da Xunta de Goberno se atopa incurso en causa de incompatibilidade para o desempeño do seu cargo.

### *Composición do Colexio*


A día 31 de decembro de 2012 había 323 profesionais colexiados coa seguinte distribución:



### Distribución por sexo



### Distribución por idade



## **Representación institucional**

Durante o ano 2012, o COPOGA, a través da súa Xunta de Goberno, e velando polo cumprimento das súas funcións en canto a defensa da profesión e a ostentación da representación do Colexio, manifestou a súa opinión ante:

- Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos
- Xefatura Territorial de Vigo e da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar
- Facultade de Podoloxía de Ferrol
- Unión Profesional de Galicia
- Entre outros

## **Actividades e servizos**

### **Secretaría**

A secretaría do Colexio encargase da xestión de actividades como as seguintes:

Telf.: 981 55 41 10

[info@copoga.com](mailto:info@copoga.com)

Avda. Quiroga Palacios, 65  
15703 Santiago de Compostela  
A Coruña

- Xestión e trámites de Expedientes
- Movementos de Colexiados
- Rexistro de Entradas e Saídas
- Trámites de documentación
- Outras actividades...

### *Asesoría Xurídica*

Mediante este servizo cóbrese todo o ámbito xurídico referente ao campo da Podoloxía, e actualiza as bases legais segundo se van producindo cambios legislativos. O seu responsable informa puntualmente o colexio e, en xeral, o colectivo de colexiadas/os que o requiran, de todos os cambios que, cada vez con máis frecuencia, están a producirse neste sector.

O responsable da asesoría revisa, todos e cantos convenios, acordos, contratos e documentos deban ser ratificados pola Xunta de Goberno do colexio elaborando un informe non vinculante sobre a súa viabilidade.

Así mesmo, desde a Asesoría Xurídica preténdese resolver todos aqueles casos que, expostos na debida forma polos afectados, deriven en intrusismo profesional e que poidan ser obxecto de cobertura legal, e que xeren tanto responsabilidade penal como civil, e solicitarán incluso o amparo xudicial se fose necesario.



Atenderanse, desde este servizo, os problemas que poidan xurdir tanto entre os propios profesionais como entre profesionais e pacientes, e buscarase, de forma arbitraria, a mellor solución ao conflito.

No mes de decembro do ano 2012 estipulouse un cambio na asesoría xurídica do Colexio, que agora leva a cabo D. Ramón Felipe González Doniz.

#### *1.- Procedementos informativos e sancionadores.*

**Expediente:** 1/2012

**Infractor:** José Ramón EcheGARAY Rodríguez

**Infracción:** Infracción de los artículos 54.1 y 54.3 de los Estatutos del COPOGA

**Estado:** Fase de instrución

#### *2.- Casos de intrusismo e reclamacións*

Toda persoa que teña en coñecemento feitos que puideran constituír delito de intrusismo profesional ou competencia desleal, que afecte aos podólogos e ao exercicio da súa profesión dentro do ámbito territorial de Galicia, pode comunicalo ao Colexio, xa que a este lle corresponde a función de impedilo e perseguilo.

Asemade o encubrimento de intrusismo profesional por parte de colexiados/as está cualificado como falta grave polo artigo 54.2 dos Estatutos Colexiais. Falta que o Colexio ten a capacidade de sancionar segundo o establecido no Decreto 115/2011, do 3 de xuño.

Para poñer en coñecemento do Colexio un acto de esta índole débese remitir un escrito ao Colexio que conste dos seguintes datos:

- Datos de identificación do denunciante e sinatura
- Feitos constitutivos de infracción
- Identificación dos presuntamente responsables
- Data e lugar do acaecido
- Demais datos relevantes

Para isto poderase cumprimentar o formulario da páxina web colexial ou solicitar un modelo na secretaria do Colexio.

Non se tramitarán denuncias anónimas, telefónicas que manifestamente carezan de fundamento ou aquelas ás que a súa vixilancia non corresponda a este Colexio Profesional.

Os datos dos denunciante son tratados inicialmente con carácter interno polo Colexio, que realizará as comprobacións que sexan necesarias. De considerarse

que a tramitación deba seguirse até os Tribunais de Xustiza o denunciante pode ser chamado para a ratificación e continuación do expediente a comparecer na sede do Órgano Xudicial.

Durante este ano puxéronse en coñecemento do Colexio 24 casos diferentes de este tipo; 10 máis que no ano 2011 e 19 máis que no 2012. Recordamos que para unha maior eficacia todas as denuncias relativas a un caso anéxanse ao mesmo expediente.

**Expediente 1/2012.** Estado: En trámite.

**Feito denunciado:** Paciente comunica ao COPOGA que a persoa que a atende non aparece na páxina web como podólogo.

**Expediente 2/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Empresa anunciada como “Clínica do Pé” tendo como persoa al titulados universitarios non sanitarios.

**Expediente 3/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Empresa deportiva utiliza plataforma de presións con software diagnóstico.

**Expediente 4/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Centro realiza estudos biomecánicos e soletas por outros titulados non sanitarios.

**Expediente 5/2012.** Estado: Resolto

**Feito denunciado:** Comunícanos a existencia dun centro de podoloxía sen autorización sanitaria.

**Expediente 6/2012.** Estado: Resolto

**Feito denunciado:** Infórmase ao Colexio sobre a existencia de anuncios de “arreglo de pies a domicilio” en diversos farois.

**Expediente 7/2012.** Estado: Resolto

**Feito denunciado:** Consulta online de podoloxía.

**Expediente 8/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Residencia en Pontevedra onde atende como podólogo auxiliar de clínica.

**Expediente 9/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Clínica de enfermaría especializada en tratamento do pé.

**Expediente 10/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Ortopedia realiza tratamentos de podoloxía por un auxiliar de clínica

**Expediente 11/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Ortopedia que realiza tratamentos de podoloxía por auxiliar de clínica

**Expediente 12/2012.** Estado: en trámite

**Feito denunciado:** Escola Universitaria non cobra polos tratamentos.

**Expediente 13/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Perruquería anuncia calista.

**Expediente 14/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Anuncio de estética dun ximnasio oferta pedicuras para o tratamentos de calos, unllas encarnadas...

**Expediente: 15/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Podólogo exerce en farmacia

**Expediente: 16/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Podólogo exerce en farmacia

**Expediente 17/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Podólogo exerce en farmacia.

**Expediente 18/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Exercicio de podoloxía en ortopedia.

**Expediente 19/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Podólogo exerce en farmacia.

**Expediente 20/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Podólogo exerce en farmacia.

**Expediente 21/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Exercicio como podólogo por outro profesional sanitario.

**Expediente 22/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Perruquería anunciase como calista.

**Expediente 23/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Perruquería anunciase como podólogo.

**Expediente 24/2012.** Estado: En trámite

**Feito denunciado:** Exercicio como podólogo por outro profesional sanitario.

O relatado como “feito denunciado” neste apartado corresponde a un resumo da descrición dos feitos remitidos ante o Colexio, sen que isto sexa indicativo de que estes fosen probados.

*3.-Queixas e reclamacións presentadas por consumidores e usuarios.*

Unha das modificacións aportadas pola Lei 25/2009, do 22 de decembro á Lei 2/1974, do 13 de febreiro sobre Colexios Profesionais é a indicación de que os Colexios Profesionais disporán dun servizo de atención aos consumidores ou usuarios que tramitará e resolverá cantas queixas e reclamacións referidas a actividade colexial ou profesional dos colexiados presentada por calquera consumidor ou usuario que contrate os seus servizos profesionais, así como por asociacións e organizacións de consumidores e usuarios.

A través de este servizo o Colexio debe resolver calquera queixa ou reclamación, segundo proceda.

No ano 2012 este Colexio non recibiu ningunha queixa nin reclamación de estas características.

#### 4.- Cambios no Código Deontolóxico

Non se realizou ningún cambio.

#### **Seguro de Responsabilidade Civil**

Todas as colexiadas/os exercentes do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia, están subscritos por unha nunha póliza de Responsabilidade Civil que cobre os danos que se poidan ocasionar dentro do exercicio da profesión.

Dende o día 1 de outubro do ano 2012 a compañía coa que está contratado este seguro é A.M.A. (Agrupación Mutual Aseguradora) coas seguintes garantías e capitais asegurados:

\*Responsabilidade civil profesional

Límite por sinistro e ano de seguro: 600.000,00 €

\*Responsabilidade civil da explotación

Límite por sinistro e ano de seguro: 600.000,00 €

Danos por auga: Límite por sinistro e ano: 30.000,00 €

Danos ao local arrendado: Límite por sinistro e ano 60.000,00 €

\*Defensa e fianzas

Incluídas

\*Inhabilitación temporal profesional

1.200,00

€/mes (máximo 18 m)



## *Cursos de formación*

O Colexio ten, entre outros, o fin de organizar actividades de carácter formativo, mellorando así a calidade das prestacións profesionais dos colexiados.

### **1.- Seminario de Actualización de tratamentos en Podoloxía**

**Data e lugar:** 31 de marzo, na sede do COPOGA

**Ponentes:**

- Borja Pérez Serrano
- David Cid Simal
- Raúl Ramos Blanco

**Programa:**

- Entrega de documentación.
- Nuevos procedimientos para la resolución de los helomas interdigitales.
- Nuevas Tendencias en Cirugía Digital.
- Plasma Rico en Factores de Crecimiento. Indicaciones y protocolo de obtención.

- El láser en Podología. Nuevas perspectivas en el tratamiento de la onicomycosis y de las verrugas.
- Mesa Redonda.

### ***2.- Avances en Farmaterapéutica podológica***

**Data e lugar:** 21 de abril na sede colexial

**Ponentes:**

- Santiago Gómez Facuindo
- Santiago Gómez Ortiz

**Programa:**

- Farmacología Podológica Sistémica
- Farmacoterapéutica Podológica Tópica

### ***3.- Taller de ecografía musculoesquelética para podólogos***

**Data e lugar:** 12 de maio no Hotel Husa Santiago Apostol

**Ponentes:**

- Nabor Diaz Rodríguez
- Angel Rodriguez Lorenzo
- Marisol Expósito Hernández

**Programa:**

- Introducción á Ecografía Músculo-Esquelética

Tel.: 981 55 41 10

*info@copoga.com*

Avda. Quiroga Palacios, 65  
15703 Santiago de Compostela  
A Coruña

- Ecografía de estruturas anatómicas I.
- Diagnóstico Ecográfico das Patoloxías de Pé e Nocello:
- Prácticas de ecografía en pé e nocello
- Vídeos de Exploración e Patoloxía ecográfica
- Ecografía das estruturas anatómicas II
- Anatomía e ecografía das estruturas de perna e xeonllo
- Estudo das patoloxías músculo-esqueléticas de perna e nocello
- Prácticas de ecografía de perna e nocello.
- Vídeos de Exploración e patoloxía ecográfica
- Repaso en ecografía de Pé e Nocello
- PRÁCTICAS LIBRES.
- Exploración de Pacientes

#### ***4.- Seminario Internacional de Ortesiología a Medida para a patoloxía do antepé***

**Data e lugar:** 20 de outubro de 2012 na sede do COPOGA

**Ponentes:**

- Francisco Alonso Tajés
- Carlos J. Álvarez Castro
- Daniel López López
- Sergio Pérez García
- Ángel Domínguez Pérez

Tel.: 981 55 41 10

[info@copoga.com](mailto:info@copoga.com)

Avda. Quiroga Palacios, 65  
15703 Santiago de Compostela  
A Coruña

**Programa:**

- Entrega de documentación.
- Presentación do Seminario.
- Fundamentos e marco actual da ortesioloxía en patoloxía de antepé.
- Materiais necesarios para a elaboración das orteses a medida.
- Elaboración das orteses a medida.
- Elementos terapéuticos das orteses de silicona.

**BLOQUE PRÁCTICO**

- Realizar unha ortese interdixital de silicona a medida para o pé.
- Elaborar ortese que presente unha cresta subdixital e outra ortese subdixital para o primeiro dedo do pé.
- Realizar unha ortese para acomodar e/ou paliar a parábola metatarsal.
- Confeccionar unha ortese que presente unha fronda dorsal no hallux, outra con aleta medial no hallux, fronda dorsal nas dedas menores do pé.

***5.- Taller de técnicas Básicas en Cirurxía Podoloxía e actualización en Onicomiose***

**Data e lugar:** 17 de novembro de 2012 na sede do COPOGA

**Ponentes:**

- Manuel Pereiro Feirrés

Tel.: 981 55 41 10

[info@copoga.com](mailto:info@copoga.com)

Avda. Quiroga Palacios, 65  
15703 Santiago de Compostela  
A Coruña

- Antonio Pereira Estévez
- David Cid Simal
- Borja Pérez Serrano

**Programa:**

- Actualización en onmicomicose
- Taller en técnicas básicas en cirurxía podolóxicas

**6.- Biomecánica aplicada: Interpretación Clínica no Análise da Marcha Computarizada**

**Data e lugar:** 15 de decembro de 2012 na sede do COPOGA

**Ponentes:**

- Miguel Blanco Traba

**Programa:**

- Introducción histórica
- Concepto e detalles técnicos da plataforma de presións.
- Aplicacións e usos da baropodometría
- Iniciación ao programa informático da plataforma de presións.
- Interpretación dos datos obtidos
- Conceptos básicos de biomecánica
- Teorías biomecánicas recentes. A importancia da cinética
- Os datos baropodométricos e a investigación
- Discusión de Casos clínicos

Tel.: 981 55 41 10

[info@copoga.com](mailto:info@copoga.com)

Avda. Quiroga Palacios, 65  
15703 Santiago de Compostela  
A Coruña


## *Promoción e divulgación*

### **1.- Gabinete de prensa**


Penetración informativa:

- Informacións 108 en prensa, Radio y TV
  - o 67 en xornais
  - o 1 prensa dixital
  - o 27 en radios
  - o 12 en TV
- Superficie en prensa 985 módulos, 19,7 páxinas
- Radio e TV 4 horas e 9 minutos


**informacións na prensa**



**Radio**



## Televisión



## 2.- Eventos

### - Concello da Coruña

Grazas o convenio asinado coa Concellería de Deportes do Concello da Coruña o Colexio colabora en diversas actividades deportivas que organiza esta Concellería formando parte do dispositivo sanitario destas actividades.

Durante o ano 2012 asistiuse a:

- Maratón A Coruña 42
- IV Medio Maratón A Coruña 21
- Carreira A Coruña 10



### **- Carreira Pedestre- Santiago de Compostela**

Durante o ano 2012 tamén se participou na Carreira Pedestre celebrada en Santiago de Compostela, e que organiza o Grupo Correo Gallego, formando parte, tamén do dispositivo sanitario da carreira.

### **- Campaña Podoloxía no Camiño**

O Colexio en colaboración coa marca Pedi-Relax, dos laboratorios Pierre Fabre e a Asociación dos Amigos do Camiño de Santiago realizou una campaña de concienciación sobre o coidado dos pés e a prevención das súas doenzas entre os peregrinos.

A campaña consistiu na instalación dunha carpa por parte do laboratorio en Sarria, dende o día 3 ao 15 de agosto, onde se informou e se entregou diverso material sobre a prevención e os bos hábitos para evitar doenzas nos pés, sen prestarse atención podolóxica clínica.



### 3.- Charlas de concienciación

Có obxectivo de informar a cidadanía sobre a importancia do coidado dos pés na saúde dende a infancia e sobre como previr determinadas doenzas realizáronse, durante o ano 2012, tres charlas nos centros sociais de Labañou e de Castro Elviña sobre esta temática.

#### Páxina web

Dende a páxina web colexial detállanse as actividades máis importantes que organiza ou promove o Colexio.

O nº de visitas que recibe mensualmente a páxina web son as seguintes:

MES (2012)	VISITAS TOTAIS	VISITANTES ÚNICOS
Xaneiro	5794 (5.38%)	465 (5.99%)
Febreiro	8572 (7.96%)	756 (9.74%)

Marzo	17260 (16.03%)	1124 (14.48%)
Abril	16964 (15.75%)	1023 (13.18%)
Maio	11581 (10.75%)	763 (9.83%)
Xuño	8437 (7.83%)	628 (8.09%)
Xullo	10347 (9.61%)	718 (9.25%)
Agosto	6750 (6.27%)	511 (6.58%)
Setembro	1921 (1.78%)	222 (2.86%)
Outubro	6519 (6.05%)	502 (6.47%)
Novembro	11501 (10.68%)	827 (10.65%)
Decembro	2049 (1.90%)	223 (2.87%)

(Aclaración: as visitas totais indican o total de persoas que visitaron a páxina; os visitantes únicos indica, cales desas persoas, teñen un IP diferente)

## *Convenios e representación institucional*

### **1.- Convenio có Barclays**

No ano 2012 o Colexio asinou un convenio coa entidade bancaria Barclays, polo que vos poderedes beneficiar de condicións vantaxosas para o mantemento de contas, condicións de financiamento, etc...

Tel.: 981 55 41 10

[info@copoga.com](mailto:info@copoga.com)

Avda. Quiroga Palacios, 65  
15703 Santiago de Compostela  
A Coruña

## **2. Convenio coa Concellería de Deportes do Concello da Coruña**

O Colexio asinou un convenio coa Concellería de Deportes do Concello da Coruña polo que o Colexio colabora en diversas actividades deportivas que organiza esta Concellería formando parte do dispositivo sanitario destas actividades.

## **3.- Unión Profesional de Galicia**

Unión Profesional de Galicia é unha asociación sen ánimo de lucro que agrupa, na actualidade, a máis de corenta Colexios Profesionais na que están representadas a maior parte das profesións tituladas universitarias e reforza a unión para a defensa dos intereses dos profesionais tanto nas institucións públicas coas privadas.

#### **4.- Outros convenios**

Asemade seguen vixentes os convenios asinados no ano 2010 con Previsión Sanitaria Nacional e co Grupo Santander, e os asinados no ano 2012 coa Universidade Europea de Madrid e con ACV Covián Varela & Asociados.

#### **Outros**

#### **Actividade de visado**

Non procede